
CADERNOS A NOSA TERRA

DE PENSAMENTO E CULTURA

Nº 14-15 FEBREIRO 1993 — 350 PTA.


A fábrica de notícias

Meios, mentiras e mensaxes



NÚMERO DOBRE

P
NT
15



Iso que adoitamos chamar "formación"

MARGARITA LEDO ANDIÓN

E que tamén terá que ver co tipo de *profisional-tipo* que se perfile como referéncia para ser xornalista e para se adicar ao estudo da comunicación.

Pois ben, na definición deste profisional-tipo, hoxe peza central do sistema comunicativo, investíronse moitos e diferentes esforzos nos últimos anos, ampliando o número de variábeis até redeseñar, por exemplo, os Planos de Estudos asi como o espazo de relación das Faculdades cos actores sociais e políticos da Información, nomeadamente cos Meios en tanto que actores.

Un profisional-tipo que se insira nos parámetros dunha formación polivalente, de base xeral, e que incorpore, a partir dela, os instrumentos consontes para coñecer, discernir e relacionar até acceder a cuestións de especialización: eis o noso modelo.

Porque as especializacións —ese comodin— nortéanse por ofertaren a posibilidade dun grau de coñecimento complexo e singular de determinados aspectos do real —da Comunicación e da Información como real— que veña ampliar a nosa capacidade de análise para a comprensión, contextualización, tratamento e divulgación do que de comun se identifica como *Actualidade*, tanto na sua vertente de produción de mensaxes como no da sua interpretación e sistematización através da pescuda.

Ponse, xa que logo, como obxectivo o de formar profisionais dos Meios con técnicas flexíbeis e adaptábeis a cada soporte —Prensa, Radio, Tv...— momento comunicativo —nos planos nacionais e internacionais— e exixéncia de especialización, e formar investigadores cos coñecimentos pertinentes sobre os usos sociais da Información e sobre o papel das instáncias de produción no mesmo.

Chegamos, asi, a extrapolar como determinantes, na formación de xornalistas, as variábeis *nacional* e *mediática*, ambas as duas co marchamo de irreductíbel. Na Comunicación, a variábel nacional e mesmo o território en tanto que espazo onde aquela se efectiviza, intervén no sistema comunicativo no seu conxunto, quer dicer, desde o *corpus* teórico no que este se define e até aspectos parciais sobranceiros como as condicións concretas e as formas que asume o discurso periodístico de masas ou o modelo tecnolóxico en cada nación.

A variábel mediática, os Meios, a sua tipoloxia, a clase de relacións que manteñen e reproducen na sociedade galega é, de seu, o outro vértice. Abonde pensar na modificación do papel dos Meios no concerto internacional occidental durante a década dos oitenta e na sua tendéncia a abandonar certa función de servizo público, quer dicer, de se entender a si próprios como elementos patrimoniais e de integración colectiva para situar, en primeiro termo, a razón económico empresarial, para evoluir cara bens de mercado e variar tanto o seu organigrama produtivo —nucleado agora arredor das novas tecnoloxias— como o estatuto dos seus profisionais que

Un profisional que se insira nos parámetros dunha formación de base xeral e que incorpore os instrumentos para coñecer e relacionar, eis o noso modelo

terán que ser, cada vez, máis coerentes cos presupostos do editor.

Esta mesma situación, e na medida en que a profisión de xornalista devén maioritariamente en toda Europa de persoas con formación do rango universitario, de carácter específico, interdisciplinário e crítico, comezan a se manifestar dous fenómenos: se ben medra, hipotéticamente, o degrau de libertade persoal e de posibilidades profesionais, disminue alarmantemente o degrau de responsabilidade final na mensaxe; se ben medra, hipoteticamente, a formación técnica, disminue, alarmentemente, a integración dos profisionais na cultura xornalística —coa desaparición prática de figuras como a *cláusula de conciéncia*, o *segredo profisional* ou o exercício do direito de *organización política e sindical* ao tempo que se nos fala dunha cativa preparación cultural, nun senso amplo, destes profisionais.

A grande contradicción estriba, chegados a este ponto, en que o "xornalista dócil", tal e como o calificaban as conclusións dun Informe do Col.legi de Periodistes de Catalunya hai catro anos, ou o "xornalista de boa fe" tal e como definia o departamento de contra-información da Casa Branca, o xornalista rotinário, empobrecido, sempre a velas vir e disposto a encaixalo todo é, hoxe, inoperante para o sistema comunicativo e insignificante como prototipo de profisional.

O rigor, a carência de prexuízos, a capacidade de observar, de narrar, de persuadir e mesmo de criar fórmulas comunicacionais novas non cadra con esquemas académicos dogmáticos ou coa simples reprodución de habilidades de ofício de esgo universal. Porque os efeitos ou, en curto, o feito comunicativo e a práctica do xornalismo recai, como a gravidade, sobre a Terra. Tal a fermosa campaña de normalización que se nos agasallou dias atrás. É esta a terceria vez que se me pede, por parte dun Meio, que escreba sobre a formación de xornalista. Primeiro foi en Diario 16, xusto cando comezaba a sua andaina a Faculdade en Compostela que eu expresei como a materialidade, ao fin, dun desexo feito público en cadanseu encontro de profisionais, en cada texto de análise do noso entorno mediático e onde eu defendin a oportunidade das sociedades nacionais en se responsabilizar do artellamento das formas de coñecimento. Despois seguiuse Atlántico Diario, onde escrebin a propósito do Plano de Estudos e sobre a importáncia da Información como ben colectivo e como direito individual. Recollo, agora, a parte final daquel artigo porque, como nas histórias de personaxe omnisciente, cada liña que fago sobre este asunto encrequénase coas denanteriores. Asi pasa cos asuntos do corazón, non si?

A Información, a Mensaxe que construen os Meios, caso de ser errada ou manipulada errada, por non contar cos instrumentos acaídos para entrar na actualidade, valorala, interpretala, elaborala para a sua publicación; manipulada de centros de poder ou desde intereses que se lle agachan ao receptor irá en detrimento do coñecimento, da crítica, da capacidade de análise de cada un de nós e serán, en troques, o xornal, o magazin radiofónico, as notícias da tele quen expliquen o mundo. Sen que os xornalistas saiban, sequer, por que o fan asi; sen que saibamos nós que se poderia facer dunha outra maneira.

O xornalista rotinário é, hoxe, inoperante para o sistema comunicativo

MARGARITA LEDO ANDION é Xornalista, Doutora en Ciéncias da Información, Decana da Faculdade de Xornalismo da Universidade de Compostela.


A producción de exposicións é unha das liñas de traballo que ven desenvolvendo o Auditorio de Galicia desde a súa fundación. É a nosa contribución en prol da cultura.

Peticións de catálogos:
Auditorio de Galicia.
Avda. Burgo das Nacións s/n
Santiago de Compostela
Telf. (981) 57 38 55 / 57 41 53
Fax: (981) 57 42 50


AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
SANTIAGO DE COMPOSTELA




Carlos Maside



Revisión dunha década: arte galega 1978-1988 (1990)
Producción Concello de Santiago-Concello de Vigo
PVP 1.000




Revisión dunha década: o mundo editorial galego 1978-1988
Producción Concello de Santiago-Concello de Vigo
PVP 1.000




José Guerrero: obra gráfica 1950-1990
PVP 1.000




Isaac Díaz Pardo: un proxecto sociocultural para Galicia.
PVP 4.000




Artistas rusos contemporáneos
PVP 3.000



Joan Miró: obras maestras en Galicia
PVP 3.000



Arte de vangarda rusa: 1900/1935
PVP 4.000



Pintura española del siglo XIX: del Neoclasicismo al Modernismo (coedición)
PVP 2.500